

NOTA DE PRENSA

A Casa de la Troya organiza as dúas últimas visitas culturais teatralizadas polo centro histórico de Santiago e o museo deste verán

Este mes o museo estará aberto ao público os venres e os sábados

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa de la Troya permanecerá aberto ao público todos os venres e sábados deste mes. O horario será de 11:00 a 14:00 horas polas mañás e de 16:00 a 20:00 horas polas tardes, agás os venres, que se prolongará ata as 22:00 horas.

Como peche das actividades de verán, a Casa de la Troya organizará dúas novas visitas culturais teatralizadas polo centro histórico de Santiago e o museo. Terán lugar o venres 15 e o venres 22. O percorrido, que partirá cada día, como é habitual, da praza do Toural, comezará ás 20:30 horas, cunha duración estimada dunha hora e media, rematando cunha visita guiada ao museo, que concluirá sobre as 22:00 horas.

O número máximo de participantes por cada un destes roteiros dramatizados será de 15 e terá un custo de 5 euros por persoa. A inscrición para participar nos mesmos pode facerse chamando ao teléfono do museo (**981 585 159**) os días de apertura.

Esta actividade dos “Venres Troianos” púxose en marcha o pasado mes de maio con grande éxito de público, o que obrigou aos seus promotores a ampliá-la ás datas estivais. Son roteiros culturais teatralizados por diferentes rúas e prazas do centro histórico de Compostela, seguidos dunha visita ao propio museo.

“Con esta iniciativa buscamos dar a coñecer o museo e contextualizalo no marco da cidade e do seu tempo” -explica **Benigno Amor**, vicepresidente do Padroado da Casa de la Troya-. “Pretendemos que a experiencia resulte interesante e entretida para o público de todas as idades. Precisamente as familias están a ter unha gran presenza nestes roteiros” -resalta-.

Un guía caracterizado como un dos personaxes da novela de Pérez Lugín vencella os lugares que se visitan coa trama do libro

O guía turístico **Suso Martínez**, historiador, divulgador e actor especializado na historia de Galicia, que leva máis dunha década realizando visitas guiadas dramatizadas, fai estas rutas caracterizado como un dos personaxes da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín, o estudante Barcala. Combina a información cultural e histórica co humor e vencella os lugares que se visitan coa trama do libro. “Fai moi ameno o relato dos feitos históricos e facilita que os participantes se acheguen ao tempo no que transcorre a novela” -sinala **Amor**-.